Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS 4

Tema 08
Os primeiros poboadores

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Orientacións didácticas

- A partir da fotografía da pintura rupestre do Barranco da Valltorta en Castellón, e dun texto de J. Vicens Vives sobre a cacería en tempos prehistóricos, propónselle ao alumnado que reflexione:

- Sobre a vida e a alimentación dos homes e das mulleres da Prehistoria.
- Sobre as distintas formas de caza que existían.
- Sobre o desenvolvemento do enxeño na especie humana, que permite a súa subsistencia.

Solucións das actividades

1. A pintura amosa a caza activa con arcos e frechas, o texto, en cambio, describe un tipo de cacería no que se utilizan trampas.

No caso do debuxo, hai representadas distintas figuras humanas tensando as cordas dos seus arcos e disparando frechas contra uns animais que pertencen á familia dos cervos.

Noutras partes da cova encóntranse debuxados outros animais, como cabras, xabarís, bois, cans ou lobos, así como algúns insectos.

2. Resposta persoal.

3. Os cazadores prehistóricos dos que fala o texto decidiron saír cazar porque se lles acabaran as provisións de carne e de peles para abrigarse.

Os días anteriores dedicáronse a afiar as súas ferramentas de pedra destinadas á caza.

O grupo de homes foi cazar no camiño que seguían os grandes elefantes e os rabaños de bisontes para ir beber auga no río.

Neste camiño escavábase un foxo que contiña un pau terminado en punta, a trampa que lles permitía cazar os animais.

4. Os prehistóricos conseguiron capturar un bisonte, un animal considerablemente máis grande e forte ca eles, grazas ao seu enxeño.

Os rabaños de bisontes se-guían sempre un mesmo camiño para ir beber, así que sabían onde pre-



Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	*5*	Empatizar cos sentimentos dos cazadores, a situación á que responden e pensar na reacción que eles terían na mesma situación.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación	Ler, comprender o texto e responder as preguntas de comprensión lectora. Act. 3-4 Expresar os sentimentos que teñen os cazadores da lectura, identificar a situación á que responden e pensar nas propias reaccións. Act. 5
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas	Observar as pinturas e identificar en que consiste, que instrumentos utilizan e identificar os animais perseguidos. Act. 1
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Participar de forma autónoma na planificación de actividades	Explicar e argumentar cal dos dous sistemas de caza parece máis perigoso. Act. 2



A cazaría

Hoxe vai sol e o grupo de homes saíu de cazaría. Estes últimos días entretivéronse en afiar as súas ferramentas de pedra para prepararen unha boa cazaría.

Se tivesen provisión de carne e boas peles para abrigárense, hoxe non irían cazar. Pero necesítano, e os homes débense internar no bosque para inventar trampas e poder loitar contra os poderosos animais do bosque.

A súa trampa consiste nun buraco ancho e fondo, escavado no camiño que seguen os grandes elefantes e os rabaños de bisontes para iren beber ao río. No medio do buraco hai un pau aguzado onde a fera, no momento de caer, quedará cravada. O buraco está disimulado habilmente por unhas pólas recubertas de carrizas.

O grupo de cazadores internouse no bosque; están moi atentos. Todos os seus músculos están en tensión. Presenten que a fera está preto, e queren, ao mesmo tempo, evitala e cazala.

Os homes temen o bosque. O bramido da fera sacódeos e empúrraos a seguir adiante. Saltan habilmente e acóchanse con sixilo detrás da vexetación. A trampa está diante deles e a fera achégase de modo cauteloso. É un bisonte.

A fera avanzou uns pasos. De súpeto, o chan falloulle: cae e queda empalada. Debátese un instante. Un bramido xigantesco acala a selva. Despois estala un berro de triunfo. Son os cazadores, tan pequenos ao lado daquel animal feroz.

Agora comeza a tarefa de quitarlle a pel e separar os anacos máis carnosos.

J. VICENS VIVES: *Historia, primeras lecturas*, 1936.
(Reelaborado e traducido)

Le e comprende

3. Por que os cazadores prehistóricos decidiron saír de cazaría? A que se dedicaron os días anteriores? Onde foron cazar?

4. Como conseguiron capturar un bisonte, un animal que era moito máis grande e forte ca eles?

Exprésate coas túas palabras

5. Que sentimentos amosan os cazadores durante a cazaría? A que situación responden? Cres que ti sentirías o mesmo?

Pintura rupestre do Barranco da Valltorta, Castelló de la Plana.

para a trampa que os tiña que capturar.

Esta trampa consistía nun foxo ben largo e profundo que se escavaba no chan e no que se chantaba un pau puntiagudo, que os cazadores disimulaban con ramas e brión.

Logo agachábanse e agadaban a que o rabaño pasara por alí.

Se había sorte, algún dos animais caía na trampa e quedaba empalado e morto.

5. Os cazadores esperan atentos e tensos o paso dos animais, desexan que algunha das feras caia na trampa, pero á vez, te-ñen medo cando os grandes animais lles pasan preto, xa que nunca se sabe que pode ocorrer.

Os cazadores, pois, temen o bosque e as feras que o habitan, pero á súa vez, necesitan as súas peles e carne que lles proporcionan calor e alimento.

Actividades de reforzo

1. Busca información sobre o autor do fragmento que lemos.

Solución: Resposta persoal.

2. Vemos o vídeo que se propón en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/682803

– *Con que se podería confundir a escea do Barranco da Valltorta?*

– *Que técnicas de reprodución se utilizaron para catalogar as pinturas rupestres?*

Solución:

– Esta escea poderíase confundir cunha escea de guerra, pero a maior parte dos arqueiros mira cara a unha mesma dirección.

– Resposta persoal.

Para reproducir os debuxos, primeiro cópianse as figuras a man alzada, logo utilizábase a copia en papel transparente. Hoxe en dia *utilízase a fotografía dixital.*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688196 – Neste recurso podemos buscar información sobre as pinturas rupestres do Barranco da Valltorta.

- http://www.tiching.com/682803 – Aquí encontramos un vídeo no que o director do Museo do Barranco da Valltorta nos explica o significado do conxunto pictórico e os sistemas de reprodución e mantemento dos debuxos que existen.

Utilizarémolo para realizar a actividade de ampliación.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Esta sección presenta as características xerais das tres grandes etapas nas que se divide a Prehistoria, características que se iran desenvolvendo en apartados posteriores.

Solucións das actividades

1. Respostas ao cadro que sintetiza as características de cada etapa da historia:

Período PALEOLÍTICO:

Cronoloxía: Desde a aparición dos primeiros humanos ata a aparición da agricultura e a gandería.

Isto é, desde hai uns 2,5 millóns de anos ata o 8000 a.C. aproximadamente.

Como se alimentaban: Alimentábanse grazas á caza, a pesca e a recolección, isto é, eran depredadores.

Onde vivían: Eran nómades; é dicir, non tiñan unha vivenda fixa. Trasladábanse dun sitio a outro buscando refuxios naturais ou construíndo cabanas provisionais.

Outras características: Cazaban grandes animais para alimentarse.

Período NEOLÍTICO:

Cronoloxía: Desde a aparición da agricultura e da gandería á aparición da metalurxia.

Isto é, do 8000 a.C ao 5000 a.C. aproximadamente.

Como se alimentaban: Eran produtores, así que ademais da caza, da pesca e da recolección, obtiñan alimentos da agricultura e da gandería.

Onde vivían: Eran sedentarios e vivían en poboados.

Outras características: Os seres humanos volvéronse produtores de alimentos.

Período IDADE DOS METAIS:

Cronoloxía: Desde a aparición da metalurxia ata a aparición da escritura.

É dicir, do 5000 a.C. ao 3000 a.C. aproximadamente.

Como se alimentaban: Grazas á caza, á pesca, á recolección, á



1 Que é a Prehistoria?

A Prehistoria é o primeiro período da Historia. Iniciouse hai uns 2,5 millóns de anos coa aparición dos primeiros seres humanos sobre a Terra, e rematou hai máis de 5 000 anos, co descubrimento da escritura.

A Prehistoria divídese en: Idade de Pedra (Paleolítico e Neolítico) e Idade dos Metais.

Reconstrución do aspecto dun antigo poboador de Atapuerca.

1 O Paleolítico, a época dos cazadores

Os homes e as mulleres do Paleolítico vivían da caza e da recolección de froitos. Isto quere dicir que eran **depredadores**.

Eran **nómades**, isto é, non tiñan unha vivenda fixa senón que se trasladaban dun lugar a outro segundo as súas necesidades.

A Península Ibérica xa estaba habitada hai un millón de anos, como o demostran os restos arqueolóxicos que se atoparon no depósito de Atapuerca (Castela e León).

Interior da cova paleolítica de Covaciella, en Asturias.

2,5 millóns de anos

Primeiros seres humanos

Paleolítico

2 O Neolítico, a etapa dos agricultores

Armario

Cama

Cama

Fogar

Interior dunha vivenda neolítica.

Hai aproximadamente 10 000 anos iniciouse un novo período, coñecido como o Neolítico. Os homes e mais as mulleres aprenderon a cultivar a terra e tamén domesticaron algúns animais.

Con iso establecéronse nun lugar fixo e fixéronse **sedentarios**.

Daquela, os seres humanos volvéronse **produtores** de alimentos.

Na Península Ibérica atopáronse restos que demostran que xa se cultivaba a terra e se vivía en poboados hai máis de 4 000 anos.

120 Tema 8

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler, coñecer e asimilar as formas de vida da prehistoria descritas. *Que é a prehistoria?*
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto Utilizar correctamente o vocabulario específico da área Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical	Ler, comprender e responder as preguntas de comprensión lectora. Act. 2 Definir as características propias do Paleolítico e as do Neolítico e a súa duración temporal. Act. 2 Expresar por escrito as diferenzas entre o Paleolítico e o Neolítico. Act. 2
APRENDER A APRENDER	Desenvolver técnicas para organizar a información mediante a clasificación en cadros Relacionar elementos diversos establecendo equivalencias e paralelismos entre si.	Resumir as características principais das etapas prehistóricas nun cadro como o do libro. Act. 1 Coñecer a característica principal do paleolítico e do neolítico e se estas etapas tiveron unha duración semellante. Act. 2.

3 A Idade dos Metais, a etapa dos metalúrxicos

Hai uns 7 000 anos, os nosos antepasados aprenderon a traballar os metais e xurdiron **poboados fortificados**.

Coa metalurxia apareceron os primeiros **artesáns especializados** e desenvolvéronse novos sistemas de **transporte** e **comercio**.

Na Península Ibérica existen numerosos poboados da Idade dos Metais. Destacan o de Los Millares e mais o de El Argar, en Almería (Andalucía).

Pezas de cerámica atopadas en El Argar.

Reconstrución dunha cova de enterramento de Los Millares.

1. Sintetiza as características principais das etapas da Prehistoria. Para facélelo, copia no teu caderno o cadro seguinte e enche as celas:

PREHISTORIA				
Período	Cronoloxía	Como se alimentaban	Onde vivían	Outras características
...	...	...	...	...
...	...	...	...	...
...	...	...	...	...

2. Que caracteriza o Paleolítico e o Neolítico? Tiveron unha duración parecida?

VOCABULARIO

- **Depredador:** Persoa que vive da caza de animais ou da recollida dalgúns froitos que a natureza lle ofrece.
- **Produtor:** Persoa que se alimenta con produtos que axudou a crear (agricultura e gandaría).

Tema 8 121

agricultura e á gandería.

Onde vivían: En poboados máis grandes, ás veces fortificados.

Outras características: Aparecen os primeiros artesáns especializados e novos sistemas de comercio e transporte.

2. O Paleolítico caracterízase por ser o período da Prehistoria no que a agricultura era aínda descoñecida.

Isto supuña que os grupos humanos tiñan que conseguir o que necesitaban para sobrevivir da caza, da pesca e da recolección.

Polo tanto, os homes e as mulleres non vivían sempre no mesmo sitio, senón que se movían polo territorio segundo as necesidades de cada momento.

O Neolítico iníciase cando os humanos aprenden a cultivar a terra e tamén a domesticar algúns animais.

Polo tanto, os grupos humanos deixaron de ser depredadores e nómades para se converter en produtores e sedentarios.

O Paleolítico é unha etapa moito máis longa que o Neolítico.

O Paleolítico comprende millóns de anos, mentres que o Neolítico comprende soamente uns 3.000 anos.

De feito, se o comparamos cos outros dous períodos, o Paleolítico é tan longo que non se puido representar de forma completa na liña cronolóxica do noso libro.

O corte que aparece nela representa os anos que faltan.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/688234 – Páxina web sobre o xacemento Os Millares, que aparece no apartado tres desta páxina do libro de texto.
- http://www.tiching.com/688197 – Aquí poderemos afondar nas características dos períodos nos que se divide a Prehistoria. Observamos o gráfico que amosa a proporción das etapas da vida do ser humano:

– *Cal é a máis longa? Cando empeza e cando termina?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de reforzo

1. *Que innovacións apareceron na Idade dos Metais?*

Solución: Na Idade dos Metais apareceron a metalurxia, os artesáns especializados, novos sistemas de transporte e comercio, así como poboados máis grandes e fortificados.

Anotacións

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- A partir da ilustración que amosa a vida cotiá nun campamento paleolítico, o alumnado observará e reflexionará sobre as actividades que nel se levan a cabo e sobre as diferenzas que existen respecto ao *modus vivendi* actual.

Solucións das actividades

1. As respostas son:

– Na representación vemos que os humanos do Paleolítico instalaban as súas vivendas en covas ou grutas naturais.

Eran vivendas de carácter provisional, xa que os humanos se desprazaban cando os recursos da redonda empezaban a escasear.

– Dedicábanse principalmente a conseguir alimentos: cazaban animais, pescaban e recolectaban froitos silvestres e moluscos.

Tamén fabricaban vestidos para abrigarse, encendían lume e ademais produciron as primeiras obras de arte, debuxando e gravando nas paredes das covas e grutas nas que se instalaban.

Para realizar todas estas actividades, necesitaban instrumentos, que fabricaban eles mesmos, como coitelos, machadas, lanzas, arpóns, anzois ou agullas.

Estes instrumentos fabricábanse a partir de materiais que encontraban ao seu arredor, como pedras, madeira, ósos e cornos de animais.

– Os vestidos que usaban confeccionábanse con peles que previamente secaran e coseran.

Para coser utilizaban agullas fabricadas con óso e fíos feitos con tendóns ou tiras de coiro.

2. O lume servía para distintas funcións: para iluminar, para protexerse dos animais, para quentarse e cocer os alimentos.

Ao principio, os humanos non sabían facer lume e limitábanse a manter o que se producira de



2 Descubro...

A vida no Paleolítico

Os primeiros poboadores vivían en pequenos grupos de homes e mulleres. Para sobreviviren, aprenderon a aproveitar a natureza.

- ✔ Alimentábanse da caza, da pesca e da recolección de froitos silvestres e moluscos.
- ✔ Eran nómades, vivían en covas ou grutas e trasladaban os seus campamentos cando se esgotaba a comida no lugar onde estaban instalados.
- ✔ Descubriron como facer **lume**, que foi un grande avance para a humanidade.
- ✔ Crearon as primeiras obras de arte realizando pinturas e gravados nas paredes de moitas covas e abrigos. A estas manifestacións artísticas chamámolas **arte rupestre**, que quere dicir "arte das rochas".

1. Fíxate nesta escena do Paleolítico e explica:
– Onde se instalaban para vivir.
– Que actividades realizaban principalmente e que instrumentos empregaban.
– Como eran os vestidos que usaban e con que materiais os facían.

2. Para que servía o lume? Explica as dúas formas principais de facer lume.

3. Imaxina que existe un túnel do tempo que che permite viaxar ao Paleolítico. Podes levar unha maleta con cinco cousas que utilizas na vida cotiá e que non existían naquela época:
– Que cousas elixirías? Por que?
– Que utilidade cres que terían naquela época?
– Que outros obxectos cotiáns cres que non che servirán de nada no Paleolítico?

122 Tema 8

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Observar a escea do paleolítico e explicar as cuestións formuladas en relación ao texto e ás imaxes.
	2	Explicar as dúas formas principais de facer lume e a súa utilización.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Observar as imaxes, ler e comprender a forma de vida durante o Paleolítico. *Descubro…*
Comunicación lingüística	Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical.	Explicar as diferentes formas de vivir do Paleolítico que se cuestionan en relación ao texto e á imaxe. Act. 1
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade	Imaxinar que se fai unha viaxe no tempo cara ao Paleolítico e elixir xustificadamente cinco cousas cotiás que non existirían. Act. 3



forma natural, por exemplo cos raios.

Máis tarde, aprenderon a acendelo eles mesmos, cousa que podían facer mediantre dúas técnicas distintas:

A primeira consiste en percutir unha pedra de sílex contra outra que conteña ferro como a pirita ou o eslabón. O choque produce unhas faíscas que teñen que caer sobre unha presa de herbas ou ramas secas preparado previamente.

Tamén se pode conseguir facendo xirar un pau de madeira dura sobre un tronco máis poroso. Os xiros teñen que ser moi rápidos e téñense que facer con moita forza, ata que a calor xerada faga arder o combustible.

3. Resposta persoal.

Actividades de reforzo

1. Observa as actividades que se levan a cabo no debuxo e clasifícaas segundo se son para comer, vestirse ou elaborar instrumentos.

Solución:

- *Para comer:* recolectar froitos das árbores e arbustos, cazar animais con frechas e lanzas, pescar peixes con lanzas, recoller moluscos.
- *Para vestirse:* curtir peles, confeccionar prendas e vestidos con elas.
- *Para elaborar instrumentos:* fabricar ferramentas de pedra e lanzas.

2. *Que representaban as priemiras pinturas rupestres?*

Solución: As primeiras pinturas rupestres representaban esceas de danza, de cacería ou de animais que vivían naquel período, como bisontes, cabalos ou mamuts.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/688215 – Na páxina *What does it mean to be human?* encontramos unha liña do tempo interactiva na que podemos analizar de forma detida (a nivel biológxco, técnico, artístico, etc.) as distintas etapas da evolución do ser humano.
- http://www.tiching.com/681822 – Vídeo sobre a pintura paleolítica na Península: tipos de arte parietal, repertorio de temas, animais máis representados e significado da arte prehistórica.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Este apartado ilustra a vida nun poboado neolítico e permítenos establecer unha comparación directa co apartado anterior, dedicado ao Paleolítico.

Solucións das actividades

1. As respostas son:

– A aldea neolítica consta dun pequeno grupo de cabanas rodeado por un muro de canas e lama que as protexe.

O poboado está situado pre-to dun río, un terreo fértil e que permite conseguir auga con facilidade.

As cabanas da aldea neolítica representadas no debuxo son circulares e sinxelas, con paredes de adobe, que é o resultado de mesturar lama e palla, están cubertas con canas, ramas ou palla.

Dentro hai fogueiras para cociñar e pódese durmir ou descansar sobre esterillas tecidas con palla ou vexetais similares.

Podemos identificar as seguintes actividades:

O cultivo da terra: Fóra do poboado na parte superior da imaxe, un grupo sega e recolle os cereais que sementaron hai meses e agora dan o seu froito.

Tres persoas golpean un mont de palla para *separar o gran,* que outra persoa está moendo ao lado dunha das cabanas, na parte inferior da imaxe. Así se consegue a fariña.

Ao lado da persoa que moe, vemos un pequeno formo que podía servir para cociñar.

Tamén dentro do poboado encontramos dous individuos que están *elaborando recipientes de cerámica,* que servirán para almacenar distintos alimentos e tamén para cocer.

A cerámica pódese cocer nun forno como o que aparece debuxado ao lado do muro.

Preto da entrada, unha persoa *fabrica cestos* con cordas



3 Vivo...

Nun poboado do Neolítico

A partir da observación da natureza, os cazadores e colleiteiros do Paleolítico descubriron o ciclo do crecemento das plantas (agricultura) e aprenderon a domesticar animais (gandaría).

- As primeiras plantas que cultivaron foron **cereais** (trigo, cebada, centeo...) e **legumes** (lentellas, chícharos...).
- As principais especies animais domesticadas foron o **can**, a **cabra**, a **ovella**, o **boi**, o **cabalo** e o **porco**.
- O coidado do campo e dos animais fixo que os grupos humanos se establecesen en lugares fixos e construísen **poboados**. Deste xeito fixéronse **sedentarios**.
- Estes primeiros poboados situábanse en lugares planos, fértiles e preto dos ríos para obter auga doadamente.

1. Fíxate na aldea neolítica:
   – Describe como era. Nomea seis actividades que se realizaban nela.
   – Que instrumentos que se usan no debuxo eran descoñecidos no Paleolítico? Que utilidade tiñan?
2. Describe o proceso que seguían no Neolítico para facer unha peza de cerámica. Que utilidade tiñan estes utensilios?
3. Agora imaxinemos como debía ser a dieta dun neno no Paleolítico e a dun neno do Neolítico.
   – Dividide a clase en tres grupos: un grupo ten que elaborar un menú do Paleolítico; outro, un menú do Neolítico, e o terceiro, un menú da actualidade.
   – Explicade que actividades se deben facer para conseguir os alimentos en cada época, e comparade as tres.

124 Tema 8

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Espacial	1	Observar a aldea neolítica, describir como era, nomear actividades que se realizaban nela e identificar instrumentos novos.
	2	Describir o proceso que durante o Neolítico se utilizaba para facer unha peza de cerámica e a utilidade dos utensilios.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Observar as imaxes, ler e comprender a forma de vida durante o Neolítico. *Descubro*
APRENDER A APRENDER	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade Desenvolver o gusto por ampliar os coñecementos e investigar	Comparar unha dieta do neolítico, paleolítico e actual. Redactar tres dietas e analizar o seu contido reflexionar sobre como depende a alimentación da forma de vida. Act. 3
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREDEDOR	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar.	Expresar opinións sobre a alimentación e a vida. Act. 3

e cañas, que servirán para transportar distintos obxectos.

Moi preto, unha persoa *fía* e outra *tece* teas para fabricar vestidos e mantas.

Na parte superior vemos un *pastor* e o seu can que guían un rabaño de ovellas.

Dentro da aldea gárdanse os porcos e críanse tamén vacas e cabras, das que se consegue carne e leite.

Finalmente, vemos unah persoa que *pesca* no río. A cacería e a pesca non se abandonaron co descubrimento da agricultura e da gandería.

– Os instrumentos que se usan no debuxo que eran des-coñecidos no Paleolítico son: a fouce para segar, o muíño para moer o gran, o fuso para fiar e o tear para tecer.

2. O proceso que se seguía no Neolítico para facer unha peza era o seguinte:

En primeiro lugar, conseguir arxila, amasala e darlle forma.

A continuación, alisala, pórlle asas e decorala. A decoración facíase cunha cuncha ou corda.

Terminábase secándoa ao sol ou cocéndoa dentro dun forno.

Os utensilios de cerámica servían para almacenar e cocer os alimentos.

3. Resposta persoal.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
APRENDER A APRENDER	Interpretar os elementos do contexto para enriquecer a comprensión de textos e maxes.	Familiarizarse e asimilar un texto explicativo sobre os poboados do neolítico axudándose de ilustracións. *Os poboados.* Familiarizarse cun texto sobre a cerámica no neolítico axudándose de ilustracións. *A cerámica.*
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a habilidade, a velocidade e a comprensión lectora.	Asimilar un texto sobre o tecido na época do neolítico. *O tecido.*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688248 – Reconstrución audiovisual que explica o papel da agricultura na revolución do Neolítico.
- http://www.tiching.com/688249 –Vídeo sobre a gandería no Neolítico.
- http://www.tiching.com/683294 – Vídeo que expón de forma sintética as características principais do Neolítico, centrado na Península Ibérica.

Actividades de reforzo

1. *Como descubriron a posibilidade de cultivar as plantas?*

Solución: Descubriron a posibilidade de cultivar plantas a partir da observación da natureza, que lles permitiu deducir o ciclo do crecemento das plantas.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Orientacións didácticas

- Como podemos obter información dunha época na que non existía a escritura?

- Este apartado explica de forma teórica que é a arqueoloxía, que fases segue unha escavación e que instrumentos se utilizan nela.

- Propóns ademais unha actividade dedutiva de carácter máis práctico.

Solucións das actividades

1. Os personaxes da ilustración dedícanse ás seguintes tarefas:

Na parte inferior esquerda da ilustración un home debuxa ou toma notas sobre os restos que van encontrando.

Ao seu lado, un home encrequenado recolle restos coidadosamente dentro das cuadrículas marcadas.

Moi preto, unha muller deposita outros obxectos encontrados encima do muro. Sentada nunha cadeira unha muller apunta datos nun ordenador portátil.

Na parte inferior dereita, unha muller traslada os restos que se teñen que levar ao laboratorio.

No outro extremo da ilustración un home fai fotos e outro traballa na parte do xacemento que aínda queda por escavar.

Finalmente, na parte superior vemos un grupo de persoas que visita o xacemento.

O lugar no que están traballando recibe o nome de xacemento arqueolóxico.

Resposta persoal.

2. Fases dunha escavación:

En primeiro lugar, tense que dividir o terreo en cuadrículas, para poder determinar o lugar no que se achan os restos.

Despois escávase coidadosamente cada cuadrícula.

Os restos que se van encontrando mídense, debúxanse e fotografíanse para poder elaborar fichas con toda a información.

Estes obxectos serán trasladados ao laboratorio para poder estudalos con máis detalle e, ás

Aprendiz de historiador@

Que nos ensina a arqueoloxía?

Os homes e as mulleres da Prehistoria non coñecían a escritura e, por iso, non temos testemuños escritos daquela época.

Queres facer de arqueólog@ e descubrir os restos materiais dun depósito arqueolóxico da Prehistoria?

a b c d e f

Principais instrumentos utilizados polos arqueólogos e as arqueólogas.

DOC. 1 Que é a arqueoloxía?

Soamente podemos coñecer como vivían os homes e as mulleres da Prehistoria a partir dos vestixios ou restos materiais que se conservaron ata os nosos días: ósos, ferramentas, cabanas, cinzas...

Estes vestixios atópanse a miúdo ocultos baixo terra. Chamámoslle xacemento ou depósito ao lugar onde se acumularon restos materiais do pasado.

Os **arqueólogos** e **arqueólogas** son os científicos que os desenterran, clasifican e estudan.

Observa esta imaxe na que se explica como se desenvolve o traballo nun depósito arqueolóxico:

1. A que cres que se dedican os personaxes que aparecen na ilustración? Que nome recibe o lugar onde están traballando? Que cres que buscan?
2. Explica as distintas fases dunha escavación arqueolóxica.
3. Identifica os instrumentos utilizados polos arqueólogos. Saberías dicir en que fase da escavación e con que finalidade se utilizan?

1 Divídese o terreo en **cuadrículas** para determinar o lugar onde se atoparon os vestixios.

2 **Escávase** cada cuadrícula con coidado para non danar os restos materiais que conteña.

3 **Mídese**, **debúxase** e **fotográfase** cada obxecto atopado e elabórase unha ficha coa información.

4 Trasládanse os obxectos ao **laboratorio** para o seu estudo e reconstrución.

126 Tema 8

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Identificar o sitio, as tarefas e o oficio que desempeñan os personaxes da imaxe.
	3	Recoñecer os instrumentos que utilizan os arqueólogos.
	4	Relacionar as imaxes e os achados.
Lingüística	7	Imaxinar os obxectos que poderían encontrar agora se foran arqueólogos do futuro.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente de forma clara e precisa	Explicar os obxectos que poderían encontrar agora se foran arqueólogos do futuro. Act. 7
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas	Observar as imaxes e ilustracións e contestar as preguntas. Act. 1-3
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar	Imaxinar que obxectos da vida cotiá poderiamos atopar se foramos arqueólogos do futuro e escribir unha redacción onde poidan explicalo a partir dos restos encontrados. Act. 7.

DOC 2 Un depósito prehistórico

Este debuxo representa un depósito da Prehistoria. Anímaste a interpretalo?



4. Observa polo miúdo o depósito e indica a que número do debuxo corresponden estes achados:

- Pedras que marcan o límite dunha cabana.
- Fragmentos de cerámica.
- Arpón de óso.
- Machada de pedra.
- Cinzas e restos de carbón.
- Pedras que delimitan unha fogueira.
- Ósos de animais pequenos.
- Punta de frecha de sílex.

5. Deduce a que período da Prehistoria (Paleolítico ou Neolítico) pertence este depósito.

Selecciona tres restos que confirmen a túa elección.

6. Podes atopar algunha relación entre o debuxo e a fotografía?

Reconstrución de varias cabanas neolíticas.

explorador@dixital
Que é a arqueoloxía?
www.tiching.com/688104

7. Imaxina que es un arqueólogo o arqueóloga do futuro e que escavas un depósito da nosa época.

- Que obxectos coidas que poderías atopar? Pensa que estes deben ser obxectos que poidan durar moito tempo soterrados.
- Fai unha pequena redacción que lles explique aos teus contemporáneos como vivían os homes e as mulleres a comezos do século XXI.

Tes que contalo a partir dos restos e obxectos que atoparías escavando no depósito.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688198 – Recurso audiovisual titulado *Que é a arqueoloxía?* a partir do cal podemos formular algunhas preguntas:

–- *Que se pode saber a partir dun esqueleto?*

– *Con que instrumentos se traballa?*

- http://www.tiching.com/688214 – Recurso interactivo sobre arqueoloxía en o valle do Rift. *Como vivían os nosos antepasados?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

veces, para reconstruílos.

3. Os instrumentos utilizados son:

a. Vara para medir a escala o terreo que se utiliza na fase de escavación.

b. Ordenador portátil, que se utiliza para recoller datos e elaborar fichas coa información.

c. Picos e palas, para a primeira fase de escavación.

d. Cadernos, lapis e outros utensilios para debuxar que se utilizan na fase de recollida de datos.

e. Cepillos para extraer terra e area dos obxectos que se encontran durante a fase de escavación.

f. Cámara fotográfica, para documentar e elaborar fichas dos achados.

4. Os números do debuxo corresponden a estes achados:

1. Cinsas e restos de carbón.
2. Pedras que marcan o límite dunha cabana.
3. Ósos de animais pequenos.
4. Pedras que delimitan unha fogueira.
5. Punta de frecha de sílex.
6. Fragmentos de cerámica.
7. Arpón de óso.
8. Machado de pedra.

5. O xacemento pertence á época Neolítca. Podémolo deducir por estes tres restos:

Polos fragmentos de cerámica, unha actividade que se empeza a desenvolver nesta época.

Polas pedras da cabana, xa que ata o Neolítico non encontramos cabanas estables.

Polos restos de pequenos animais, xa que os homes e mulleres do Neolítico aprenderon a domesticar animais.

6. Resposta persoal.

7. Resposta persoal.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Esta dobre páxina amosa as actividades que se levan a cabo nun poboado da Idade dos Metais, a derradeira das tres etapas da Prehistoria.
- Preséntase o tema a partir dun debuxo, como se fixo nos apartados correspondentes a etapas anteriores, de forma que se poden comparar facilmente.

Solucións das actividades

1. O derradeiro período da Prehistoria recibe o nome de Idade dos Metais.

   Recibe este nome proque o ser humano aprende a traballar o metal.

   A Idade dos Metais termina cando empeza a escritura.

2. A metalurxia é a arte de traballar os metais.

   Os primeiros metais que se traballaron foron nesta orde: o cobre, o bronce, que é unha mestura de cobre e estaño, e o ferro, un metal máis resistente que os anteriores e abundante na natureza.

3. Sabemos que se fabricaron distintos útiles de metal como agullas, fouces, aixadas, machadas, espadas, puñais, lanzas, pendentes, colares ou brazaletes.

   Servían para traballar o campo, coser, loitar, cazar ou como decoración.

4. A invención da roda permitiu a construción de carros tirados por animais, así desenvolveuse o traslado de mercadorías.

5. As respostas son:

   – Gran parte dos poboados situábanse nun outeiro, como se amosa neste debuxo.

     As casas adoitaban ser rectangulares e podíanse dividir en distintos espazos ou ha-bitacións.

     En xeral, debido ao crecemento da poboación, as aldeas eran máis grandes que en épocas anteriores e rodeábanse cunha muralla máis



4 Vivo...

Nun poboado da Idade dos Metais

Coa utilización de metais iniciouse a derradeira etapa da Prehistoria.

- ✔ O primeiro metal que se utilizou foi o **cobre** e o **bronce**, que é unha mestura de cobre e estaño.
- ✔ Máis adiante empregouse o **ferro**, un metal moito máis resistente, duro e abundante na natureza.
- ✔ Como era moi difícil traballar o metal, xurdiron os **artesáns** especializados na fabricación de obxectos de metal.
- ✔ O intercambio de produtos entre agricultores e artesáns fixo aumentar o comercio.
- ✔ A invención da **roda** permitiu a construción de carros tirados por animais, e a invención da **vela** facilitou a navegación, feitos que melloraron os transportes.
- ✔ As melloras nos transportes fixeron que os intercambios ou trocos se puidesen realizar a distancias máis longas.

Dolmen

Campos de cultivo

O crecemento dos poboados

A mellora da agricultura e os avances técnicos permitiron o crecemento da poboación e, xa que logo, dos poboados.

A maioría dos poboados situábanse nun outeiro e estaban amurallados. As vivendas adoitaban ter forma rectangular e máis de un cuarto.

OBXECTOS DE METAL

Cos metais fabricáronse ferramentas agrícolas (fouces, aixadas...), armas (espadas, lanzas...) e adornos (colares, brazaletes...). Ter obxectos de metal era unha mostra de riqueza, xa que non todas as persoas os podían posuír.

Colar

Pendente

Machado

Agulla

Puñal

Escultura dun carro de bronce e ouro

128 Tema 8

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	*3*	Observar cales son os utensilios metálicos e a súa utilidade.
	5	Comprender información extraída da observación da ilustración do debuxo do poboado.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Explicar as vantaxes que supuzo o descubrimento da roda para a humanidade. Act.4.
Comunicación lingüística	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto.	Ler, comprender e coñecer a información relacionada coa Prehistoria e a metalurxia. Act. 1-2.
Dixital	Interpretar a información contida en gráficos, táboas, mapas conceptuais, etc.	Observar o debuxo describir como eran, coñecer as actividades que levaban a cabo, comparar e encontrar cinco diferenzas co poboado do Neolítico. Act. 5.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Autoavaliar os resultados dos procesos de aprendizaxe e creación persoal.	Analizar os coñecementos lidos relacionados coa área. Act. 1-5.



A metalurxia

Os artesáns metalúrxicos aprenderon pouco a pouco a traballar os metais.

Primeiro dábaselles forma golpeándoos cun martelo e, máis adiante, quentábanse para fundilos e moldealos nun molde de pedra.

1. Que nome recibe o derradeiro período da Prehistoria? Por que? Cando rematou?
2. Que é a metalurxia? Que metais foron os primeiros que se traballaron?
3. Observa os instrumentos metálicos. De que útiles se trata? Cal era a súa utilidade?
4. Indica as vantaxes que implicou a roda.
5. Observa o debuxo do poboado:
   - Describe onde se situaban e como eran os poboados da Idade dos Metais.
   - Comenta as distintas actividades que realizan os seus habitantes.
   - Compara este poboado co do Neolítico e sinala cinco diferenzas.

Tema 8 129

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688212 – Aquí encontramos un resumo sobre cada unha das etapas da Prehistoria, así como distintas ilustracións e vídeos sobre o tema. Dedícase outro apartado á evolución do ser humano como especie. Abriremos o artigo dedicado á Idade dos Metais.

- http://www.tiching.com/728830 – Podemos utilizar este recurso para que o alumnado poida repasar os aspectos da vida cotiá nun poboado da Idade dos Metais.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

sólida.

No debuxo vemos que se construíu con pedra e troncos. Observamos incluso pequenas torres de defensa desde onde se pode vixiar a praia e a porta de entrada ao poboado.

– Os seus habitantes realizaban distintas actividades:

Vemos na parte inferior o traballo dos artesáns, funden e golpean o metal. Utilizan un fol para darlle forza ao lume, uns moldes para darlle forma ao metal e un balde de auga para arrefrialo.

Fronte a eles, unha muller fía con axuda dun fuso e outra tece unha tea.

Nas portas da aldea sitúanse persoas que ofrecen produtos para intercambiar.

Fóra do poboado achábanse os campos de cultivo que se traballaban coa axuda do gando. Neste caso un home está arando coa axuda de dous bois. Domesticáronse vacas, cabalos, ovellas e porcos, que se gardan dentro e fóra do poboado.

Na beira cárgase un carro con recipientes, probablemente de cerámica, que poden conter distintos produtos, e que se transportaron nun barco de vela, invento desta época.

– Así pois, a diferenza do Neolítico: o poboado é máis grande, xa que a poboación creceu. As casas son máis grandes con zócolo de pedra.

Está situado nun outeiro e non no chan e protexido por unha muralla máis sólida que o muro de canas e lama neolítico, e por unha torre de defensa, estrutura que aparece nesta época.

Aumentou o comercio: vemos produtos que chegan en barco e tamén intercambios na porta do poboado.

Está situado encima dun outeiro e non nun lugar chan.

Aumentou o comercio: vemos produtos que chegan en barco e tamén intercambios na porta do poboado.

Orientacións didácticas

- Esta dobre páxina contén información sobre como era o territorio de Galicia na época da prehistoria e como vivían os homes e as mulleres nela.

Coñeceremos as distintas etapas dos tempos prehistóricos: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais, e falaremos do megalitismo.

Tamén descubriremos en que consisten as manifestacións de petróglifos.

Solucións das actividades

1. Os primeiros homes e mulleres da época do Paleolítico vivían en campamentos ao aire libre, como os que se atopan nos sitios de Toén (Ourense) e As Gándaras de Budiño (Pontevedra).

2. Os poboadores das nosas terras, no período do Neolítico, vivían en poboados, aínda que a maioría seguían en covas.

   Deste xeito, algunos poboadores neolíticos de Galicia costruíron poboados formados por cabanas, a partir do V milenio a.C., aínda que outros homes e mulleres seguían en covas.

3. A principal característica da cerámica campaniforme é a seguinte:

   A cerámica campaniforme tiña forma de campana invertida. Precisamente esta característica dáballe nome a este tipo de cerámica.

   Tamén estaba decorada con liñas horizontais.

4. Galicia foi un territorio moi importante durante a Idade dos Metais porque era unha zona moi rica en estaño, un material co que se comerciaba con Inglaterra.

   Este material era moi importante porque servía para elaborar bronce (aliaxe de cobre e estaño), material co que se facían a maioría de armas e ferramentas.

5. A principal función que tiñan os megálitos era de carácter funerario.

5 As nosas terras na Prehistoria

Os restos atopados nas terras da nosa Comunidade demostran que Galicia está habitada desde tempos prehistóricos.

1 Paleolítico

O ser humano habitaba as terras da nosa Comunidade desde hai cando menos uns 300 000 anos.

Os primeiros poboadores vivían en campamentos ao aire libre, como os de Toén (Ourense) e As Gándaras de Budiño (Pontevedra).

Despois comezaron a habitar en **covas** e **abrigos**, como en Vilalba (Lugo).

Ferramentas de pedra paleolíticas atopadas en Palmés (Ourense).

1. Onde vivían os homes e mais as mulleres do Paleolítico?

2 Neolítico

Os poboadores neolíticos de Galicia construíron **poboados** formados por cabanas a partir do V milenio a.C., aínda que a maioría seguían a vivir en covas.

Durante este período comezaron a construír megálitos, sobre todo pedras fitas ou menhires e mámoas, que son túmulos de terra con pedras ao redor, algúns deles cun dolmen no interior.

Salientan o menhir de Lapa de Gargantáns (Pontevedra) e mais o dolmen de Dombate.

2. Como vivian os poboadores das nosas terras no Neolítico?

Petróglifo do Couto das Sombriñas, en Touro (Ponte Caldelas).

Dolmen de Dombate, en Cabana de Bergantiños (A Coruña).

Os petróglifos

Un petróglifo é un gravado feito sobre as rochas de granito ao aire.

Representan figuras xeométricas (espirais e círculos) e debuxos moi esquemáticos de persoas e animais (cervos, cabalos e serpes).

A función dos petróglifos cóidase que era, dunha banda, de marcadores de zonas importantes de pastos e rutas gandeiras, e doutra, de control do territorio.

130 Tema 8

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Autoavaliar os resultados dos procesos de aprendizaxe e creación persoal.	Analizar os coñecementos lidos relacionados coas diferentes áreas tratadas. Acts. 1-6.
Comunicación lingüística	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto.	Ler, comprender e coñecer a información relacionada coa vida dos poboadores no Paleolítico e no Neolítico. Acts. 1-2. Expor o que se atopou en Caldas de Reis, ilustrado en imaxes. A. 7.
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Explicar por que Galicia foi un territorio importante durante a Idade dos Metais. Act.4.
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais.	Coñecer a principal función dos megálitos e investigar sobre os megálitos que poidan existir na propia redonda. Acts. 5, 8.
Dixital	Interpretar información en Internet para reforzar e ampliar coñecementos.	Consultar a Internet para investigar diferentes aspectos sobre megálitos que se encontre preto de onde viva o alumno. Act. 8.

3 Idade dos Metais

Os homes e mais as mulleres da Idade dos Metais comezaron a construír poboados en lugares elevados ou con murallas de pedra para unha mellor defensa.

Destacan os poboados de Fontenla, Guidoiro Areoso (Pontevedra) e Portecelo (Pontevedra).

Tamén fabricaron **cerámica campaniforme**, chamada así pola súa forma de campá invertida e decoración de liñas horizontais.

Galicia foi un territorio moi importante nesta época porque era moi rica en **estaño**, xa que existiu un comercio do estaño con Inglaterra.

Este metal era necesario para fabricar o bronce, unha aliaxe de cobre e estaño, que era un dos metais máis utilizados para a elaboración de ferramentas e armas.

O tesouro de Caldas de Reis (Pontevedra) está formado por numerosas xoias de ouro de gran calidade.

3. Cal é a principal característica da cerámica campaniforme?
4. Por que foi Galicia un territorio moi importante durante a Idade dos Metais?

4 O megalitismo en Galicia

En Galicia contamos con máis de tres mil megálitos. Trátase sobre todo de monumentos de carácter funerario. Os megálitos construíronse desde finais do Neolítico ata entrada a Idade dos Metais.

A súa construcción iníciase a finais do V milenio a.C. Os primeiros megálitos son cámaras sinxelas, sen corredor, e de planta poligonal. Máis adiante iranse facendo máis complexos, con corredores.

Dolmen Casa da Moura en Cabaleiros (Tordoia).

5. Cal é a principal función que tiñan os megálitos?

6. Por que coidas que se facían gravados con figuras humanas e de animais na rocha?
7. Que se atopou en Caldas de Reis? Describe as pezas da fotografia.
8. Coñeces algún megálito que se encontre preto de onde vives? Busca na Internet:
   - Nome e lugar no que está.
   - Tipo de megálito.
   - Antigüidade.
   - Descrición e características.
   - Función.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688212 – A través deste enlace atoparemos unha páxina web que contén un resumo sobre cada unha das etapas da Prehistoria, os nomes de quen xa temos descuberto nesta dobre páxina.

Enriba de todo hai unha pestaña que se chama “Prehistoria”. Se pinchamos nela, poderemos selecionar onde queremos ir. Cada apartado contén ilustracións e vídeos explicativos.

Pode ser útil para os alumnos co fin de ampliar a información que aprendemos.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

6. Resposta personal. Cada alumno terá que expoñer por que cre que se facían gravados con figuras humanas e animais nas rochas. Como exemplo, poderán dicir o seguinte:

Segundo o que temos lido nesta dobre páxina, os gravados na rocha podían servir para marcar zonas importantes de pasto e rutas de gando, pero tamén podían utilitzarse para controlar o territorio.

Ademáis, tamén podemos dicir que podía servir para contar feitos importantes que aconteceran.

7. En Caldas de Reis atopouse un tesouro que contén unha gran cantidade de pezas feitas de ouro de grande calidade.

Podemos describir as pezas da fotografía do seguinte xeito:

Na parte de abaixo ao centro, vemos tres pedestais que suxeitan tres vasos de ouro. Son una especie de tazas moi redondas, case que non teñen base onde apoiarse e teñen unha única asa, tamén bastante redonda, para poder collelas.

Derriba das vasillas, no centro, hai unha peza de ouro moi chá, que ten unha forma como de ceros unidos polos laterais.

Ao carón desta peza hai quince círculos de ouro de distintos tamaños (os máis pequenos parece que teñan unha forma de brazalete e os máis grandes poden ser como un prato). Uns son máis redondos que outros e, dependendo da peza, vese máis onde se une o círculo ou non.

Na parte do centro e de enriba da fotografía hai tres círculos, un dentro doutro. O máis exterior non está unido por completo: onde tería que xuntarse ten unha especie de dous triángulos chans, feitos co mesmo material que deben ser de adorno.

8. Actividade individual. O alumno ou a alumna terá que buscar información sobre un megálito que se poida atopar preto da súa casa.

Orientacións didácticas

- A arte, xa sexa en forma de pintura, gravado, escultura ou monumento megalítico, aparece na Prehistoria, isto é, antes que a escritura.
- Neste apartado explícase e ilústrase a evolución estilística da pintura rupestre e os tipos de megalitos que existen.

Solucións das actividades

1. Se comparamos a pintura de Altamira coa de O Abrigo do Cervo, podemos sinalar estas tres semellanzas:

   As dúas están feitas sobre a mesma superficie: a rocha.

   Utilizan cores vermellas moi similares.

   Nas dúas represéntanse animais e persoas.

   Algunhas das diferenzas que podemos sinalar son estas:

   A pesar de utilizar os mesmos tons, na cova de Altamira combínanse distintas cores nunha mesma figura, conseguindo dar-lle sensación de volume. En O Abrigo do Cervo as figuras son monocromáticas.

   As figuras do Abrigo do Cervo resultan máis esquemáticas, polas súas liñas simples e pola ausencia de volume. En Altamira, porén, as figuras tenden ao naturalismo, chegando a aproveitar os volumes da propia rocha para crear profundidade.

   As pinturas son características de épocas distintas. As do Abrigo do Cervo son posteriores.

2. Debuxo persoal.

3. A palabra *megálito* significa literalmente gran pedra. Refírese ás construcións propias do Neolítico e da Idade dos Metais feitas con grandes bloques de pedra.

   Menhir: Tipo de megálito que consiste nunha gran pedra alongada, chantada no chan en posición vertical. Podería ser utilizada para delimitar territorios.

   Dolme: Tipo de megálito que se compón dunha pedra chá colocada sobre dúas ou máis pedras verticais.

   Crómlech: Tipo de megálito formado por un conxunto de pedras

Zoom Patrimonio...

As primeiras mostras de arte apareceron na Prehistoria cando os nosos antepasados quixeron expresar os seus pensamentos ou crenzas mediante a pintura, a escultura ou a arquitectura.

A PINTURA RUPESTRE

As pinturas rupestres máis antigas teñen uns 40 000 anos. Eran **naturalistas**, isto é, representaban a realidade tal como era.

Mostraban sobre todo animais soltos, como bisontes, mamuts, cabalos, cervos, renos... Adoitaban utilizar as cores vermella e ocre, e contornaban as figuras cunha liña negra.

Suponse que pintaban estes animais porque querían cazalos. Pensaban que o feito de fixalos nas paredes facilitaría a cazaría.

En España destaca a **cova de Altamira**, en Santander, unha das mellores mostras de arte rupestre do mundo.

Máis adiante, hai uns 10 000 anos, tamén pintaron escenas de cazarías ou de danzas. A representación das figuras era **esquemática**, isto é, facíase utilizando formas moi simples.

AS PINTURAS RUPESTRES



Nun teito da cova de Altamira hai representados dezasete bisontes mediante a técnica naturalista.

Escena de caza no Abrigo del Ciervo (Valencia), representada de forma esquemática.

132 Tema 8

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	2	Facer un debuxo que simule os pintores do Paleolítico.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento	Ler, interesarse e coñecer as formas de expresión artística do pasado. *Zoom Patrimonio*
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia Realizar traballos manuais seguindo as instrucións que se propoñen.	Mencionar diferenzas e semellanzas entre as pinturas de Altamira e as do Abrigo do Cervo. Act. 1 Debuxar no caderno unha figura que imite a as pinturas do Paleolítico. Act. 2
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas	Ler, observar as imaxes e responder as preguntas relacionadas coa área de coñecemento. Act. 3 Buscar na Internet imaxes de megalitos en España, con imaxes, localización, forma e función. Act.4

OS MEGÁLITOS

Cara a finais do Neolítico, e sobre todo durante a Idade dos Metais, realizáronse unhas construcións chamadas **megálitos** porque están feitas con grandes bloques de pedra.

Distínguense tres grandes tipos de megálitos: menhir, dolmen e crómlech.

Na Península Ibérica hai numerosos megálitos, entre os que abundan os dolmens. Salientan os de Galicia, Andalucía e Cataluña.

O **menhir** é unha gran pedra vertical cravada no chan.

O **dolmen** é un recinto formado por varias pedras verticais cubertas por unha gran lousa. No seu interior realizábanse enterramentos colectivos.

O **crómlech** é un monumento de forma circular e relaciónase con algún culto ao Sol.

O dolmen de Menga, en Antequera (Andalucía), consta dunha entrada e un gran corredor con forma rectangular.

1. Compara as pinturas de Altamira e de El Abrigo del Ciervo. Di tres semellanzas e tres diferenzas.
2. Debuxa no teu caderno unha figura que imite o estilo dos pintores do Paleolítico.
   - Primeiro tes que decidir que tema queres debuxar e se queres seguir unha técnica naturalista ou esquemática.
   - Ao rematar, ponlle un título ao debuxo.
3. Que significa megálito? Explica o que son un menhir, un dolmen e un crómlech, e que función se lles daba ao dolmen e ao crómlech.
4. Buscade na Internet imaxes de diferentes tipos de megálitos de España.

   Cada ilustración debe ter unha ficha que identifique o monumento e inclúa a súa localización, forma e función.

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/738945 – Podemos utilizar este recurso como exemplo de arte rupestre en Galicia. O enlace describe o parque Arqueolóxico de Campo Lameiro onde se pode encontrar toda a serie de petroglifos.

A continuación preguntaremos:

– *Viches ou visitaches algunha vez este tipo de arte rupestre? Que significado teñen?*

– *Viches máis arte rupestre? Cal?*

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ou menhires chantados no chan nunha disposición circular ou elíptica. Teñen relación co culto ao Sol.

4. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Vemos o vídeo indicado en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/738946

– *Como vestían os homes e mulleres da Prehistoria?*

– *Como se iluminaba na escuridade na entrada dunha cova?*

Solución:

– Vestíanse dunha forma, en esencia moi similar á actual, con pezas elaboradas a partir de peles de animais: pantalóns, casacas, puchas, botas…

– Iluminaban cunhas fogueiras e cunhas primitivas lámpadas fabricadas con cana dun animal: nun recipiente a cana servía como combustible e unha mecha de fibra vexetal.

2. Vemos ol vídeo indicado en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/681643

– *Por que se degradaban as pinturas na Cova de Altamira?*

– *Cantas persoas ao día a visitaban antes do peche? E despois?*

Solución:

– As pinturas de Altamira degradábanse pola masiva presenza humana, que secaba o ambiente.

– Antes do peche, visitábana ata 1.500 persoas ao día, despois 8.

Educamos en valores

■ Podemos propor unha reflexión na clase :

– *Cres que é importante manter as pinturas? Arguméntao.*

– Pensas que é o mesmo ver a copia que o orixinal?

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina repasare-mos todo o aprendido neste tema. A partir das actividades, os alumnos:

- Ordenarán as características de cada unha das etapas da prehistoria para que se poida detectar a súa evolución dunha forma clara.

- Imaxinarán como era a vida dos seres humanos naquela etapa: como se comunicaban sen escritura, como era o seu día a día, a importancia de cooperar para sobrevivir, etc.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

   Antes de que os alumnos empecen a copiar nos seus cadernos, aproveitaremos a actividade para repasar brevemente os conceptos que aparecen no mapa.

   Animaremos a todos os alumnos a participar.

2. Os homes e as mulleres do Paleolítico alimentábanse co que obtiñan da *caza,* da *pesca* e da *recolección,* e vivían en *covas* e *grutas.*

   Co descubrimento da agricultura e da *gandería* iniciouse un novo período da Prehistoria, o *Neolítico*.

   Na Idade dos Metais descubriuse a *metalurxia,* desenvolveuse a *artesanía* e o *comercio,* e construíronse *poboados amurallados e megalitos.*

   As primeiras mostras artísticas da humanidade foron as pinturas *rupestres,* que primeiro se facían cunha técnica *naturalista* e máis adiante cunha técnica *esquemática.*

3. Actividade persoal.

4. Actividade en grupo.

5. Os fragmentos que se mesturaron entre os da Cova de Tito Bustilillo son os que corresponden aos números :2, 3, 5, 6, 9, e 11.

Actividades de ampliación

1. Busca na Internet a páxina web do Centro de Arte Rupestre de Tito

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- Os homes e mais as mulleres do Paleolítico alimentábanse co que obtiñan da ..., da ... e da ..., e vivían en ... e ....
- Co descubrimento da agricultura e da ... iniciouse un novo período da Prehistoria: o ....
- Na Idade dos Metais descubriuse a ..., desenvolveuse a ... e o ..., e construíronse ... e ....
- As primeiras mostras artísticas da humanidade foron as pinturas ..., que primeiro se facían cunha técnica ... e máis adiante cunha técnica ....

3. Resume con imaxes.

- Imaxina que lle tes que explicar a Prehistoria a unha persoa que non sabe ler. Busca no tema ou na Internet cinco imaxes de cada etapa da Prehistoria que ilustren as súas características máis importantes.
- Despois escribe un texto breve para cada imaxe. Neste texto tes que dicir por que a escolliches e resumir o que explicarías oralmente cando amosases as imaxes.

134 Tema 8

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Ler e resumir contidos da área con imaxes.
Interpersoal	4	Traballar cos compañeiros en relación á forma de vida do Paleolítico seguindo as indicacións.
Espacial	5	Identificar os fragmentos da pintura correspondente.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Copiar o mapa conceptual no caderno para comprender os coñecementos da undiade. Act.1 Resumir con imaxes os conceptos relacionados coa área. Act. 2
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas.	Interpretar a información textual e representala en imaxes que resuman o texto. Act. 5
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento Participar en actividades colectivas de forma colaborativa	Amosar iniciativa para participar en actividades recreando o pasado. Act. 4 Traballar en equipo cos compañeiros en relación a unha comunidade paleolítica. Act. 4

4. Somos unha comunidade paleolítica na procura de alimentos.

Imaxinemos que toda a clase forma unha pequena comunidade de homes e mulleres do Paleolítico, e que nos organizamos en grupos coa finalidade de conseguir alimentos para todos.

a. Dividiremos a clase en cinco grupos. Cada grupo terá que cumprir un obxectivo, que lle asignará o profesor ou a profesora, dos que hai indicados no cadro.

O grupo terá que pensar que tarefas fará para conseguir o obxectivo, como as desenvolverá, que instrumentos necesitará e que dificultades terá que superar.

b. Despois, cada grupo terá que explicarlle oralmente ao resto da clase en que colaborou para obter os alimentos que necesita a comunidade.

c. Finalmente, razoade por que a cooperación entre todo o grupo era imprescindible para a subsistencia destas comunidades paleolíticas.



OBXECTIVOS				
Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4	Grupo 5
Preparar a cazaría	Saír a cazar	Preparación da peza cazada	Pesca e recolección de froitos	Facer unha pintura na parede da cova

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Identifica os fragmentos que sobran.

Entre os fragmentos que compoñen esta pintura da cova de Tito Bustillo (Asturias), mesturáronse seis que pertencen a outras pinturas. Cales son?



Bustillo:

– *Cando se descubriu a cova?*

– *A que panel pertence a pintura que aparece na actividade 5?*

Solución:

– *A cova descubriuna en 1968 un grupo de montañistas.*

– *A pintura que aparece na actividade pertence ao panel principal.*

2. Visitaremos o recurso indicado en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/683536

– *Fai un resumo de 5 liñas.*

Solución: Resposta persoal.

3. Despois de ver o vídeo indicado en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/681823

– *Que figuras aparecen máis a miúdo na arte paleolítica?*

– *Por que motivo cres que os homes da Prehistoria pintaron as paredes das covas?*

Solución:

– As figuras que aparecen máis a miúdo son os animais, as figuras humanas, as mans e outros signos que non sabemos interpretar.

– Resposta persoal.

Educamos en valores

■ Podemos propor unha reflexión na aula sobre o xeito de vida sedentario:

– *Que vantaxes ten?*

– *Sabes se hoxe en día hai pobos que son nómades? En caso afirmativo, significa que aínda teñen que evolucionar?*

Solucións: Resposta persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/683536 – Artigo en inglés do Smithsonian Museum: *Cavemen were much better at illustrating animals than artists today.*

■ http://www.tiching.com/681822 – Vídeo que permite profundar no que estudamos ata agora sobre a arte rupestre peninsular.

■ http://www.tiching.com/688232 – Documental *El amanecer del hombre,* sobre o Neolítico, emitido en España por A 2, de RTVE.

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/681643	http://www.rtve.es/alacarta/videos/te-acuerdas/acuerdas-hallazgo-pinturas-altamira/670481/
http://www.tiching.com/681822	https://www.youtube.com/embed/z3furyxLUNo
http://www.tiching.com/682803	http://www.youtube.com/embed/Z1MCn4eYmAY
http://www.tiching.com/683294	http://www.educatube.es/o-neolitico/
http://www.tiching.com/683536	http://www.smithsonianmag.com/science-nature/cavemen-were-much-better-at-illustrating-animals-than-artists-today-153292919/?non-ist
http://www.tiching.com/688196	http://es.wikipedia.org/wiki/Barranco_de_a_Valltorta/
http://www.tiching.com/688197	http://chopo.pntic.mec.es/csanch20/PREHISTORIA/page5.html
http://www.tiching.com/688198	http://www.youtube.com/embed/tY8497681I0?wmode=transparent
http://www.tiching.com/688212	http://www.weebly.com/prehistoria.html
http://www.tiching.com/688214	http://www.humanorigins.si.edu/research/east-african-research/adventures-rift-valley-interactive
http://www.tiching.com/688215	http://www.humanorigins.si.edu/evidence/human-evolution-timeline-interactive
http://www.tiching.com/688232	http://www.youtube.com/watch?v=Pcr2cP3Xg5Y
http://www.tiching.com/688234	http://www.es.wikipedia.org/wiki/Os_Millares
http://www.tiching.com/688248	http://www.youtube.com/watch?v=IHJF6TXC_h4
http://www.tiching.com/688249	http://www.youtube.com/watch?v=nWCc77jPgwk
http://www.tiching.com/728830	http://www.enciclopedia-aragonesa.com/monograficos/historia/prehistoria/multimedia/animaciones/Metales.swf
http://www.tiching.com/738945	http://www.terrasdepontevedra.org/gl/arte-rupestre/parque-arqueoloxico-campo-lameiro.html
http://www.tiching.com/738946	https://www.youtube.com/watch?v=4TqdMEo4vXU